


s. XVI

As fontes xorden como un modo de aproveitamento para uso doméstico da auga, procedente de nacentes ou mananciais. Normalmente sitúanse no espazo principal e máis aberto da vila, polo que en ocasións é necesario canalizar a auga dende o manancial. Esta fonte pertence á tipoloxía das “Fontes de cano” e, dentro destas, identifícase como “Fonte de cabaliño”. Está constituída por un muro de cachotería de granito que pecha o manancial, no que vai embutido un cano de pedra semicircular, pechado nunha construción feita en granito de cantaría e formada pola intersección de varias pezas cuadrangulares, con engadidos na parte frontal que lle dan un aspecto ameado. O cano sobresa sobre unha mesa de pedra que actúa a modo de pousadoiro. Consta dunha inscrición que di: “Esta fonte se hizo a costa de Santa Xusta V. y M. Año 1545”.



(1) Inscrición / Inscription

(2) Pináculos / Pinnacles

(3) Mesa / Stone slab that serves as a support

(4) Caño / Spout

Drinking fountains appeared as a way of making use of water from springs or sources for domestic purposes. They are usually to be found in the main square or largest open space in a town or village, so sometimes the water has to be piped from the spring. In this case the fountain belongs to the “spout” type, and within this category it is classified as a “caballine fountain”. It consists of a wall of granite masonry blocks that closes off the spring, in which a semi-circular stone pipe is embedded, closed off by a construction made of intersecting quadrangular rough-hewn granite blocks, with additions at the front that give it the aspect of a battlement. The spout emerges on a stone slab that serves as a support. There is an inscription that reads: “Esta fonte se hizo a costa de Santa Xusta V. y M. Año 1545” [This fountain was built in honour of St Justa, V(irgin) and M(artyr). 1545 AD].

A súa auga chegou a coller moita sona, atribuíndoselle calidades curativas (dise que mesmo chegou a comercializar). Moita xente acudía para sandar as doenzas, tanto físicas coma espirituais. Isto viuse reflectido na Romaría dos Esconxuros (invocacións para espantar os demos e malos espíritos) o día da festa da patroa Santa Xusta. Dise que, para que se cumpra, hai que seguir un ritual: facer un nó con follas de millo usando a man esquerda, asistir a unha misa e beber auga da fonte. Nalgunha ocasión chegou a cortarse o manancial aducindo que a auga proviña dun lugar pouco axeitado para o consumo, pero na actualidade recuperou o prestixio.

Las fuentes surgen como un modo de aprovechamiento para uso doméstico del agua, procedente de nacentes o mananciales. Normalmente se sitúan en el espacio principal y más abierto de la villa, por lo que en ocasiones es necesario canalizar el agua desde el manantial. Esta fuente pertenece a la tipología de las “Fuentes de caño” y, dentro de éstas, se identifica como “Fonte de cabaliño”. Está constituída por un muro de mampostería de granito que cierra el manantial, en el que va embutido un tubo de piedra semicircular, encerrado en una construcción hecha en sillería de granito y formada por la intersección de varias piezas cuadrangulares, con añadidos en la parte frontal que le dan un aspecto almenado. El caño sobresale sobre una mesa de piedra que sirve de apoyo. Consta de una inscripción que dice: “Esta fonte se hizo a costa de Santa Xusta V. y M. Año 1545”.

Su agua llegó a coger mucha fama, atribuyéndosele propiedades curativas (se dice que incluso llegó a comercializarse). Mucha gente acudía para sanar sus dolencias, tanto físicas como espirituales. Esto se vio reflejado en la “Romaría dos Esconxuros” (invocaciones para alejar los demonios y malos espíritus) el día de la fiesta de la patrona Santa Xusta. Se dice que, para que se cumpla, hay que seguir un ritual: hacer un nudo con hojas de maíz utilizando la mano izquierda, asistir a una misa y beber agua de la fuente. En alguna ocasión llegó a cortarse el manantial aduciendo que el agua provenía de un lugar poco adecuado para el consumo, pero en la actualidad recuperó el prestigio.

The water from this fountain at one time enjoyed great fame, and healing properties were attributed to them (it is even said that they were once bottled for sale). As a result, people flocked to the spot to heal their ills, whether physical or spiritual, and this was reflected in the annual “Romaría dos Esconxuros” [Festival of Spells], at which invocations were recited to cast out demons and evil spirits, held on the feast day of its patron saint, St Justa. Popular tradition has it that in order for the spells to have an effect, sufferers must follow a ritual: make a knot with maize leaves using only the left hand, hear mass and drink the water from the fountain. The fountain was once sealed off by the authorities, who alleged that the water did not come from a place that made it fit for drinking, but it has now regained its prestige.